

O DISCURSO ORAL PÚBLICO GALEGO

X. Antón L. Dobao

TVG. Facultade de Ciencias da Información. Universidade de Santiago de Compostela

1.- INTRODUCCIÓN

Vai para doce anos que Galicia conta con medios audiovisuais propios. A súa aparición, xa se ten dito, constitúe un fito que nos fornece moitas posibilidades para camiñar cara a unha plena normalización da lingua. Antes do ano 1985 había outros ámbitos nos que se podía detecta-la existencia dun discurso público, pero é a aparición da TVG e da Radio Galega o que nos permite meditar sobre a importancia dese discurso oral público para o futuro da normalización, o grande obxectivo, incluso dos nosos medios públicos, que o teñen encomendado por lei.

A aparición dos medios públicos foi importante non só polas súas emisións, senón porque se esperaba deles un modelo para outros ámbitos de importancia cualitativa e cuantitativa. É previsible o nacemento dunha industria audiovisual máis ou menos poderosa, pero tamén é previsible a incidencia noutros eidos: o teatro, a canción, a oratoria política e parlamentaria, discursos nos tribunais, sesións de institucións públicas ou privadas, actos litúrxicos, universidade, cine, vídeo, publicidade, etc. Nestes medios tamén se van configurando discursos públicos coas súas características específicas, integrantes desta macroestrutura que nós decidimos denominar *discurso oral público galego*.

Máis dunha vez temos dito que está sen discuti-lo concepto de normalización. Digo isto porque circula a idea de que o obxectivo está cumprido co simple permiso da presenza pública da lingua. Sería necesario repensarmos en qué medida se contribúe a un proceso de normalización co simple feito de que exista a illa duns medios e algún outro ámbito case testemuñal, cun modelo implícito máis que discutible. Cómpre considerarmos por tanto os factores que impiden que se avanzase na definición dun discurso oral público propio (ou enxebre).

A clarificación do concepto de normalización non é gratuíta. Se estamos conformes co actual proceso de substitución lingüística (é dicir, se defendémo-lo bilingüismo harmónico), configuraremos un discurso oral público enfrontado ós rexistros orais privados

en galego. Por contra, se procuramos outorgarlle á lingua unha presenza hexemónica en tódolos ámbitos sociais, traballaremos por un discurso oral público recoñecible na tradición –desde os rexistros privados ata a tradición narrativa oral, que vén a ser unha primeira manifestación dun discurso público. Iso implica rexeita-lo modelo actual.

Eu decidinme a presentar esta comunicación coa intención de camiñarmos en tal dirección. Cómpre facer unha análise rigorosa e dura do discurso oral público actual e camiñar na súa transformación cara a unha macroestrutura que no seu conxunto chegue a identificar a tódolos falantes coa variedade oral máis formal e de prestixio.

2.- O DISCURSO ORAL PÚBLICO VIXENTE

Non debe ter discusión a preponderancia da comunicación oral sobre a escrita medida en prestixio social. Se a lingua propia carece do prestixio da dominante, tende a perder falantes e a converterse en variedade funcional sen posibilidades de desenvolvemento. Segundo os datos do mapa sociolingüístico, as políticas lingüísticas dos últimos anos tenderon a afondar nun abismo separador das dúas linguas en conflito; abriuse máis distancia, e iso quere dicir que a este ritmo a lingua pode estar condenada a desaparecer, por moito que nos queiramos consolar inutilmente con algúns fenómenos de diglosia inversa.

Non é previsión pesimista. É o que hai, por dicilo coloquialmente. Pero nada está perdido. Temos na man potentes instrumentos que, ben utilizados, servirán para que se invertan as tendencias. Pero iso require, entre outras cousas, unha transformación das sensibilidades respecto á representación oral da lingua en situacións comunicativas públicas. A delimitación entre rexistros públicos e privados depende da importancia social dos interlocutores. Nos rexistros públicos xógase, pois, parte do prestixio social da lingua e a súa eficacia comunicativa.

Na comunicación oral privada a lingua desvela a identidade dos interlocutores. Esta clase de actos comunicativos prodúcese nun código común, un sistema lingüístico que conserva a súa caracterización fronte ós sistemas máis próximos, fundamentalmente o castelán.

Nos discursos orais públicos, a identidade do *receptor* non se coñece, énos indiferente. Neste ámbito defínirase unha variedade formal para a lingua, unha variedade que ata a aparición dos medios audiovisuais públicos non se sentiu como necesidade máis ca na súa representación escrita, hoxe, por certo, cun índice de aceptación social bastante importante. Falamos da necesidade dun *estándar oral*, loxicamente.

Concluamos, pois, que nunha sociedade coma a galega a macroestrutura que denominamos discurso oral público adquire unha importancia determinante porque determinante é o prestixio dos interlocutores das mensaxes que a conforman. A súa importancia parece indubidable, en medida semellante á que lle correspondeu á escrita desde a invención da imprenta ata os nosos días. En determinados ámbitos –os medios audiovi-

suais, sobre todo a TV–, as mensaxes orais chegan simultaneamente a centos de milleiros de persoas; e isto algo ten que ver coa percepción que se chegue a ter da eficacia comunicativa das mensaxes e do prestixio social da lingua en que se vehiculan, caracterizada sempre polo modelo empregado. Na medida en que o modelo se perciba como unha variedade común xurdida da propia lingua aumentará a súa valoración social, e, por tanto, tenderase a imita-los usos. Na medida en que ocorra o contrario, persistirá o prexuízo de que a *propia* lingua non é apta para o discurso público; manteranse os ritmos das tendencias de substitución. O discurso oral público pode se-la representación dunha variedade funcional non apta para ascender na escala social. No mellor dos casos, os falantes tenderán a imitalo e a apartarse da propia fala, coa conseguinte perda de entidade independente da lingua, que corre o perigo de acabar por se converter nunha pobre variante dialectal da lingua dominante. Teñamos tamén en conta que a deturpación do código vai incidir negativamente na percepción das mensaxes.

Non podemos profundar aquí na caracterización desta macroestrutura discursiva nin abranguer tódalas *estructuras discursivas* posibles na nosa sociedade. Por unha banda, porque a moitos ámbitos o galego aínda non chegou (non hai tal bilingüismo harmónico); por outra, porque iso requiriría un traballo moito máis extenso, no que xa procuraremos profundar. Polo meu traballo como lingüista da TVG, achego a miña percepción do discurso que vehiculizan fundamentalmente os nosos medios públicos (RTG-TVG) e tamén doutros discursos mediáticos de importancia non moito menor: a publicidade, por exemplo. Tamén procuramos estar en contacto co discurso oral xerado no teatro e nalgunhas outras actividades públicas; fundamentalmente todas aquelas relacionadas coa produción audiovisual.

Pese ás deficiencias que esta exposición presente, pódese dar unha idea xeral dese discurso oral público que analizamos e sobre o que meditamos. Un discurso oral con importancia cuantitativa e cualitativa para configurarse como modelo, coas consecuencias sociolingüísticas a que aludiamos anteriormente. Sobre todo como modelo de imitación que incidirá noutros discursos públicos e nos privados, e tamén de prestixio social, fundamental para a normalización da lingua.

3.- ALGUNHAS CARACTERIZACIÓNS DO DISCURSO ORAL PÚBLICO

De seguido, presentamos un simple esquema das principais desviacións que detectamos no discurso oral público galego.

1. FONÉTICA

1.1. VOCALISMO

1.1.1. Vocalismo tónico

■ formas diacríticas

- **formas verbais** (formas diacríticas do tipo *vén* - *ven*, *vés* - *ves*, etc.)

■ formas non diacríticas

- **formas verbais** (perfectos dos irregulares, verbos con alterancia, conjugacións irregulares, etc.)
- **substantivos e adxectivos** (os máis problemáticos, pois a descrición non é completa e temos fenómenos bastante xerais, coma a metafonía, etc. Con todo, a irregularidade de pronuncia é case xeral, e tamén o é a modificación do timbre das formas máis comúns)
- **adverbios** (alteración do timbre case sistemática)
- **vocais dos grupos cultos intervocálicos** (sistemática pronuncia de vocais pechadas)

1.1.2. Vocalismo átono

- **artigos e pronomes** (confusións constantes **o - ó**, etc.)
- **postónicas** (sistemática abertura de átonas finais)
- **pretónicas** (tendencia a regularizar en vocais pechadas o sistema vocálico de pretónicas en formas do tipo **esquecer, quecer, pegada**, etc., e derivadas: **portiña, pedriña**, etc.)
- **preposicións, contraccións e outras partículas** (tendencia a pronunciar abertas formas átonas. En moitos casos a vocal ten función distintiva: **co - có**, etc.)
- **vocais dos grupos cultos intervocálicos** (sistemática pronuncia de vocais pechadas)

1.2. CONSONANTISMO

- **prepalatal fricativa xorda** (despalatalización sistemática ou articulación antinatural)
- **consoantes nasais** (presencia da nasal alveolar en contextos fónicos en que non debe aparecer. Nalgúns casos aparece a nasal velar por ultracorreccións)
- **fricativas sonoras (bilabial, dental e velar)** (tendencia a realizar oclusivas **b, d, g** en contextos que esixen a súa fricativización)
- **grupos cultos intervocálicos** (esaxeración da pronuncia da primeira consoante)

1.3. A CADEA FALADA. Condicionamentos do contexto

1.3.1. Concorrencia de vocais

- **vocais ‘distintas’** (asistematización dos encontros vocálicos. Tendencia maioritaria a representar na cadea falada letra a letra, con pequenas pausas como fronteira silábica)
- **concorrencia de abertas e pechadas** (imposibilidade articulatória, en moitos casos, de diferenciar vocais abertas e pechadas concorrentes. Alteración de significados)

1.3.2. Condicionamento de consoantes (tendencia a reproducir na cadea falada a lingua escrita e a intentar articula-las consoantes segundo os trazos dos fonemas e non dos alófonos condicionados. Empeño en articular sons impronunciáveis: grupo [sr], etc.)

2. PROSODIA

- **entoación** (modelos alleos de entoación. Ultracorreccións. Modelos inexistentes en galego, híbridos)
- **acentuación** (ritmos estraños de acentuación, que converten en átonas sílabas tónicas e viceversa. Énfase das sílabas finais e iniciais átonas.)

4.- RAZÓNS DUN DISCURSO ORAL NON IDENTIFICADO. OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

Un discurso público caracterizado polo esborrallamento do sistema fonolóxico do galego non se produce casualmente. Se profundamos nas posibles razóns decatáremonos de que actúa unha superestrutura ideolóxica que xera un discurso oral público alleado. Por iso falamos de prexuízos lingüísticos.

A.- Reflexo da situación sociolingüística

Un proceso de normalización iníciase cando os falantes senten que é necesario inverte-la tendencia de substitución. Pero parece que o poder político e económico non está nese camiño. Cando xorde a necesidade de contar cun grupo de profesionais sobre os que recaia a responsabilidade do emprego público da lingua, estes non se recrutan entre grupos galegofonos. Recrútanse entre os grupos sociais máis altos, os que non usan a lingua ou se viron na necesidade de esquecerla para ascenderen na escala social. Estas persoas reproducirán o discurso oral que lles é máis próximo, seguirán os modelos que mellor coñecen (non os dos discursos públicos da nosa tradición oral, por exemplo, ou da nosa tradición culta –Otero Pedrayo, por poñermos un caso–, senón os discursos mediáticos españois). Establecerase así un marco canónico de referencia para todo discurso oral público. Iso é o que pasou en boa medida na TVG e na RTG, e tamén na dobraxe. É o que está ocorrendo co discurso publicitario, por exemplo, etc.

B.- Unha lingua que en situacións comunicativas de prestixio soe pouco a galego

Cando na presentación de espazos informativos, de deportes, de programas, na dobraxe, na publicidade, etc. escoitámo-la actualización do modelo de discurso oral, estamos tamén sufrindo os efectos dun prexuízo lingüístico consistente en situar as dúas linguas en niveis diferentes de prestixio social e cultural. Non se quere que os discursos orais “soen” igual cá lingua dos galegos; fóxese dun acento galego. Así empezou a dobraxe en Galicia, por exemplo, coa formulación case explícita do seu modelo desde os primeiros momentos. A extracción lingüística e social da maioría dos dobradores e a

explicitación dun modelo de dobraxe “con acento neutro” ou “con acento internacional” uníronse para xera-los productos que despois emitía a TVG. No momento en que a TVG incide no control lingüístico das dobraxes, independentemente das reaccións xeradas en empresarios e dobradores, houbo quen nos chegou a acusar de querer impoñer un “galego de aldea”, ou “o galego de Lugo”... ou o galego de Xan das Bólas...

Non erramos moito se afirmamos que no modelo de discurso oral subxacente hai unha ideoloxía dominante que procura que o galego que se fale soe pouco a galego. No fondo vén a ser o mesmo que dixo unha vez un director da TVG: “non hai rapazas guapas que falen galego”.

C.- A preponderancia da escrita sobre o oral

Outro dos factores que inciden no modelo de discurso oral é a preponderancia que se lle segue outorgando á lingua escrita sobre a oral. O mellor exemplo disto é a tan estéril como longa polémica normativa. Parece que o país se debate nunha discusión extemporánea. Ata certo punto é normal, por canto os defensores dun galego satelizado terán moitas dificultades para formular abertamente e sen complexos un modelo de estándar oral.

Por outro lado, esa mesma idea da lingua como unha representación oral da escrita fainos pensar en termos de léxico e non de secuencias fónicas. Pero isto é seguramente un herdo da propia concepción tradicional da lingüística e ata do ensino universitario. Cando falamos de corrección lingüística tendemos a pensar en aspectos léxicos e morfolóxicos (nin sequera avaliamos sintaxe ou aspectos expresivos...).

D.- O reino do significado mal entendido

Cando na percepción dos discursos orais públicos se perde o sentido de globalidade e se prioriza o nivel morfolóxico e o léxico téndese a despreza-lo plano fónico porque se cre que a correcta descodificación dunha mensaxe complexa se produce na medida en que, palabra a palabra, se comprendan os significados.

Pero sabemos que calquera defecto de pronuncia afecta ó significado dunha secuencia, ben alterándoo, ben facéndoa incomprendible. Para que calquera proceso comunicativo sexa eficaz é necesario que o emisor e o receptor estean en posesión do mesmo código. Calquera alteración do código utilizado significa a inclusión de ruídos, e os ruídos dificultan e mesmo impiden unha comunicación eficaz.

Ademais, podemos pensar na lingua oral en plano semellante ó da lingua escrita. Así, un texto pode non variar de significado se non está correctamente grafado. Pero un discurso oral pode ocasiona-lo mesmo efecto ca un texto inzado de faltas de ortografía. E o público interlocutor pode reaccionar dun modo moi semellante a como o faría ante un texto cheo de incorreccións ortográficas. O receptor da mensaxe pode conceptua-lo emisor como persoa ou grupo de baixo nivel cultural e por tanto nunca asumible como modelo.

A visión da corrección oral segundo haxa alteracións ou non de significado pode levarnos constantemente ó absurdo. Se aplicámo-las regras de conmutación para atoparmos oposicións fonolóxicas, podemos ver como en moitos contextos discursivos non variarían pretendidamente os significados de unidades léxicas illadas. Altera-lo timbre

dunha vocal nunha secuencia pode implicar que se comunique algo moi diferente do que se quere comunicar. Iso ocorre cando se dá a casualidade de que a secuencia resultante é semanticamente clara. En secuencias fónicas determinadas, a simple alteración do timbre dunha vocal pode muda-lo significado, e o resultado, aínda que non sexa o querido polo emisor, vén a ser máis ou menos claro (*Ven o venres / yén o venres*)

Vén a ocorre-lo mesmo se alterámo-lo timbre dunha vocal e emitimos unha secuencia semanticamente non aceptable ou pouco clara.

Resumindo; sempre que se produce a alteración fónica dunha secuencia hai alteración de significado. Nuns casos, cambia; noutros, simplemente desaparece. Calquera exemplo que nós puideramos aportar aquí multiplicaríase en progresión xeométrica nun discurso oral complexo. O efecto é fulminante: ó conxunto do discurso váiselle esvaendo o significado; non se comprende a totalidade do discurso ou o discurso globalmente; o receptor vese obrigado a facer esforzos para intentar ir comprendendo e acaba por desconectar da comunicación establecida. O discurso non funciona; a lingua, por tanto, non ten a presenza pública que se procura. No caso da televisión, por exemplo, ocasionará un simple cambio de canle.

Isto ocorre exactamente o mesmo cando se produce alteración articulatória de determinadas consoantes ou mesmo cando os defectos afectan ás unidades suprasegmentais.

En último caso, sabemos que se acende o sinal de alarma cando as interferencias nunha situación de conflito lingüístico afectan ó plano fónico, pero non sabemos qué ocorrerá se o modelo oral de lingua que se está impoñendo fomenta e acelera dunha forma impensable (cada mensaxe ten centos de milleiros de receptores) a destrución do noso sistema fonolóxico e a substitución por un modelo alleo. Quede para a reflexión.

E.- O imperio do léxico e o rexeitamento do estándar

Unido ó dito, e nunha liña semellante, de cando en cando escoitamos voces que teiman en insistir en que a non identificación dos falantes co discurso oral público vén orixinada pola estricte aplicación das normas da variedade estándar da lingua... coma se fose a única no mundo que conta cun estándar.

O actual director da RTG, ata hai pouco director da TVG, publicaba en 1993, sendo director dos servizos informativos da TVG, un libro titulado *A influencia da TVG na promoción do galego*¹. Nese libro, tan *disparatado* como tendencioso, afirmaba:

“Por outra parte (...) detéctase rexeitamento ó galego estándar en moitas zonas rurais e da costa. Son sectores que non se sinten identificados co galego que impón a Televisión de Galicia”

Algo de certo hai en tales palabras. Moitos galegos non poden sentir como propio un idioma que pretendidamente é o mesmo que eles empregan, pero que paradoxalmente é moi diferente, moitísimo. Pero a análise é tendenciosa e incorrecta.

¹ A. Maneiro Vila: *A influencia da TVG na promoción do galego*. Ed. Lea, Santiago de Compostela. 1993.

Os que teñen nas mans o poder necesario para inverte-la situación e procurar que se constrúa un modelo, acaban por defender todo o contrario: un galego desposuído dunha norma culta de referencia, común, capaz de conformar un rexistro formal propio do estilo informativo nunha televisión. O problema non está en que os nosos paisanos galegófons rexeiten o galego da TVG porque non aceptan as solucións léxicas ou morfolóxicas da variante estándar. Non aceptan o que escoitan porque moi pouco ten que ver co que eles saben que é galego...

En calquera caso, sirva para pechar todo este capítulo unha breve cita de H. A. Gleason Jr. *Introducción á lingüística descritiva*²:

“Non hai ninguén que controle máis ca unha fracción do vocabulario dunha lingua. Un individuo normal aprende palabras novas tódolos días (...). Ó mesmo tempo, hai palabras que van continuamente saíndo do seu vocabulario activo. O vocabulario é un trazo mutable do dominio da lingua por parte de calquera persoa, e varía con algunha facilidade e rapidez.

Calquera falante dunha lingua ten, necesariamente, un control moito máis completo da súa gramática que do seu vocabulario. (...) En resumo, serán poucos os que se aproximan estreitamente dun dominio absoluto da morfoloxía, aínda que non sexa nunca tan parcialmente descoñecida, ou mutable e fúgaz, como o vocabulario.

Canto á fonoloxía, son maiores as esixencias (...). A pronuncia incorrecta dun fonema ou dun grupo fónico, mesmo raros, pode tornar unha linguaxe conspicuamente estraña, ou mesmo suxeita a contestación social. Pode mesmo levar ó establecemento dunha barreira social seria entre o falante e os outros membros da comunidade lingüística.

O dominio falado dunha lingua esixe, pois, moi preto do cen por cento do control da fonoloxía e o control de cincuenta a noventa por cento da súa gramática, aínda que é posible chegar a resultados razoables con a penas un un por cento, ou menos aínda, de dominio do vocabulario.”

F.- Outros ámbitos

Non sería xusto carga-las forzas contra os nosos medios de comunicación públicos en exclusiva. Entre outras cousas porque desde hai ó redor de dous anos algo mudou na política lingüística da CRTVG, sobre todo no tocante ó control lingüístico dalgunhas producións. Calquera que hoxe escoite unha dobraxe comprenderá que, no plano oral, a mellora é abismal con respecto ó que se facía hai dous anos. Eu mesmo me atrevería a dicir, sen temor a errar, que algunhas das producións dobradas presentan a calidade lingüística máis alta do conxunto da programación da CRTVG. Algo empeza a ocorrer con algún programa que xa se emitiu e con algún outro que está en emisión. Exactamente igual que con algunhas das series previstas para a próxima temporada. É verdade que para o espectador o resultado non é tan importante, porque ó lado das películas de recente dobraxe séguense emitindo filmes dobradas anteriormente, co cal a mellora é menos perceptible, pero tamén é verdade que no seo do sector se instalou a idea da

² H. A. Gleason Jr.: *Introdução à linguística descritiva*. Fundação Calouste Gulbenkian, Lisboa, 2ª ed.

necesidade imperiosa dun discurso oral moi diferente... Tampouco é cousa de sermos triunfalistas. A composición do sector segue sendo a mesma; non tódolos profesionais asumen intimamente tal necesidade, e, sobre todo, as empresas de dobraxe están orientadas cara a outros intereses. Algunhas das máis importantes mesmo fan gala dunha diaria militancia activa contra os controles lingüísticos que se efectúan na TVG.

Canto á RTG, soamente poderíamos rastrexar certas intervencións de calidade, sempre debidas a uns pouquiños profesionais que poderían servir de modelo para un discurso oral público galego. No conxunto, igual que ocorre noutros ámbitos da programación da TVG, o modelo de discurso público non é aceptable.

Non nos debemos embizarcar, dicía, cos nosos medios porque o discurso oral público galego fóra das ondas da RTG e da TVG non é mellor nin máis enxebre, nin máis fiel ós discursos orais dos falantes. Desde o teatro á publicidade, o modelo é basicamente o que describimos superficialmente un pouco máis arriba. O mal está estendido.

Como boa mostra sirvan dous exemplos.

Hai uns meses, a central sindical nacionalista, CIG, fixo un anuncio para emitir na TVG. Por diferentes avatares que non veñen ó caso, o anuncio non se chegou a emitir. Pero gravouse. En Madrid. E a voz que puxo o *off* non era precisamente o modelo de discurso oral público que estamos defendendo.

Por outra banda, na última campaña electoral para as eleccións xerais, as cuñas publicitarias do BNG, que tamén se emitían nos seus mitins e se espallaban a toda a poboación mediante a megafonía polas rúas, tampouco eran o modelo enxebre de rexistro oral público. Nin moito menos. Nunha cuña dun minuto máis ou menos puidemos detectar coma quen di tódolos defectos que vimos de expoñer. Desde un sistema vocálico deficitario ata un sistema consonántico castelanizado, coa sempre abraiante presenza de consoantes nasais alveolares en distribucións que no galego lle corresponden á consoante nasal velar.

Non fai falla dicir que non dubidamos das intencións e do ideario normalizador destas organizacións, pero parece evidente que a súa responsabilidade ante a sociedade galega é en certo sentido tan grande coma a da propia CRTVG. Ás veces paga a pena pensar máis como falamos e menos como escribimos.

5.- UN NOVO MODELO

A conclusión máis evidente desta exposición é a necesidade de formularmos un novo modelo de discurso oral público. E seguramente non é iso o máis difícil.

A.- Selección

Cumprirá, en primeiro lugar, realizar unha selección do modelo entre os posibles modelos preexistentes implícita ou explicitamente. A nosa proposta ha ser obvia despois da confrontación dos dous modelos posibles, o preponderante no discurso mediático actual

ou o que se pode extraer dos trazos dos discursos orais privados e dos públicos restrinxidos. En todo caso é posible realizar algunha investigación tendente a facernos unha idea da posible identificación efectiva e afectiva do conxunto do corpo social cos diferentes modelos posibles. Hai algún dato que nos pode servir, como o importante aumento da audiencia das dobraxes da TVG, un incremento sostido desde que se empezaron a concentrar esforzos na mellora substancial da súa calidade lingüística.

B.- Codificación explícita do modelo

Tamén é necesario codifica-lo modelo e estende-lo resultado desta codificación explícita ós seus usuarios inmediatos, a outros posibles usuarios e ó conxunto da sociedade. Cómpre indicar, tamén, que un dos proxectos a curto-medio prazo dos **servicios lingüísticos do departamento de programas e emisións da TVG** é precisamente a elaboración dun manual básico de pronuncia para os profesionais da dobraxe e para aqueles que teñan a responsabilidade de traballar nos programas da TVG e nas series que está previsto realizar.

C.- Execución do modelo

Un criterio fundamental para a execución eficaz do modelo e a súa vehiculación á sociedade é a selección ponderada dos profesionais que van se-los seus portadores. Para iso, evidentemente, precísase o soporte institucional e clara vontade política nos responsables dos medios desde os que se vai espalla-lo modelo de discurso oral público.

En canto se empece a instalar un novo modelo de referencia, estamos convencidos de que a súa ampliación a outros ámbitos será en parte automática, coas esperables e ata certo punto lóxicas reticencias e atrancos normais.